



Proba para novos técnicos 2018

Nome e Apelidos:

Completar as 14 preguntas cun circulando na letra da opción que consideres. Presentar cuberto a proba o día 20 no curso para novos técnicos.

Requírese 12 preguntas correctas para o aprobado.

O día 20 realizaranse 6 preguntas máis e para aprobar é necesario 4 correctas.

1. Os boliches aceptados. O seu peso debe estar comprendido entre _____, gramos.
 - a. 12 e 16
 - b. 650 e 800
 - c. 30 +/- 1
 - d. 10 e 18

2. Que a circunferencia de lanzamento, estea a_____.
 - a. medio metro como mínimo de todo obstáculo e dous metros doutra circunferencia.
 - b. medio metro como mínimo do cordel e dous metros doutra circunferencia.
 - c. un metro como mínimo de todo obstáculo e dous metros doutra circunferencia.
 - d. un metro como mínimo de todo obstáculo

3. O deportista _____ seguindo a liña sobre a que se situaba o boliche ata obter a distancia máxima autorizada de lanzamento e non máis aló.
 - a. terá que retroceder
 - b. terá adiantar
 - c. poderá adiantar
 - d. poderá retroceder

4. _____aos deportistas quitar, desprazar ou pisar calquera tipo de obstáculo que se atope sobre o terreo de xogo.
 - a. Prohíbese
 - b. Desaconséllase
 - c. Permítese só unha vez
 - d. Recoméndase

5. Os adversarios _____ do boliche ou por detrás do deportista e a unha distancia de dous metros como mínimo dun ou outro e nun costado.
 - a. deberán colocarse máis aló
 - b. poderán colocarse ao redor
 - c. deberán están por diante
 - d. poderán estar onde queiran

6. Se un deportista levanta a circunferencia mentres queden bólas por xogar, a circunferencia será colocada no seu sitio, pero_____.
 - a. están autorizados a xogar as súas bólas
 - b. só os seus adversarios están autorizados a xogar as súas bólas
 - c. anúlase a man.
 - d. só anúlase unha bóla.

7. Anulación da bóla xogada ou a xogar. Que oficialmente é marcada pola presentación polo árbitro de _____.
 - a. un cartón laranxa
 - b. un cartón azul
 - c. un cartón vermello
 - d. un cartón amarelo

Data e asino:

Nome e Apelidos:

8. Se o boliche non foi lanzado nas condicións regulamentarias, _____.
- o equipo volve tirar ata tres veces.
 - o equipo contrario depositarao nunha posición regulamentaria sobre o terreo de xogo
 - o árbitro depositarao nunha posición regulamentaria.
 - se os dous equipos están de acordo queda onde está.
9. As deportistas poderán xogar _____ na categoría masculina de Segunda e Segunda B, sempre que a entidade non presentase equipo feminino.
- dous por tripleta
 - unha por tripleta
 - tres por tripleta
 - unha por equipo
10. As entidades con máis dun equipo, poderán subir deportistas de divisións inferiores _____
- sen cambiar a súa división de orixe.
 - máis de tres veces por tempada.
 - Os xuvenís non poden subir de categoría.
 - só un xuvenil no equipo.
11. Para evitar toda discusión, os deportistas _____. Non se admitirá ningunha reclamación como consecuencia das bólas ou boliches non marcados.
- non fai falta marcar a posición do boliche
 - deben marcar a posición do boliche
 - deben pintar o boliche.
 - deben quitar as chinchetas do boliche.
12. as circunferencias deben _____.
- ser marcadas despois do lanzamento do boliche
 - ser vermellas igual que o boliche
 - ser marcadas antes do lanzamento do boliche
 - ser marcadas cun xiz antes do lanzamento do boliche
13. Durante o tempo regulamentario que dispón un deportista para lanzar a súa bóla, os espectadores e deportistas deberán _____. Os adversarios non deben andar nin gesticular nin facer nada que poida molestar ao deportista.
- gardar a vez
 - gardar o sitio
 - gardar o maior silencio posible
 - gardar silencio
14. Se un deportista recolle as súas bólas do terreo de xogo mentres que queden bólas aos seus compañeiros, _____
- as bólas volven colocar no seu sitio.
 - a bóla ou as bólas serán nulas.
 - estes últimos estarán autorizados a xogalas.
 - estes últimos non estarán autorizados a xogalas.

Data e asino: